

ACTA N 2020/1
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
16.01.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....	2
PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL ESTRADA DEPUTACIÓN FRAMAN EIRAPEDRIÑA.....	2
PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL NO CASALIÑO.....	3
PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DP MERCUTO AMEIXENDA. POS 2019.....	3

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE XANEIRO DE 2020.

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h) do día dazaseis (16) de xaneiro de dous mil vinte (2020), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira Luísa Feijóo Montero.

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular ás actas das sesións anteriores, **ordinaria do 26.12.2019 e extraordinaria do 30.12.2019**, que foron distribuídas con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobadas as actas, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL ESTRADA DEPUTACIÓN FRAMAN EIRAPEDRIÑA. LOTE 5 POS 2019.

Expediente 2019/C003/000011

A Mesa de Contratación do expediente de licitación do lote 5 do POS 2019, obra de pavimentación de vial estrada Deputación Framán Eirapedriña, na súa reunión do 05.12.2019, formulou proposta de adxudicación a favor da empresa SYR-AMG SL por ser a oferta económica mais vantaxosa.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 5/2020).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización das obras do lote 5 do POS 2019, pavimentación vial estrada Deputación-Framán-Eirapedriña, á empresa **SYR-AMG SL**, con CIF B-15938780, e nas seguintes condicións:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de noventa mil setecentos cincuenta euros e dezaioito céntimos (**90.750,18.- euros**).

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de dezanove mil cincuenta e sete euros e cincuenta e catro céntimos (**19.057,54.- euros**).

C.- Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de **6 Meses**, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D.- Nomear como director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto [REDACTED], e como coordinador de seguridade e saúde ao técnico superior en prevención de riscos laborais [REDACTED].

ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

E.- Representante do órgano xestor: [REDACTED], arquitecta técnica do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

F.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado

Terceiro.- Facultar ó alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL NO CASALIÑO. LOTE 7 POS 2019.

Expediente 2019/C003/000013

A Mesa de Contratación do expediente de licitación do lote 7 do POS 2019, obra de pavimentación de vial no Casaliño (Bertamiráns), na súa reunión do 08.01.2020, formulou proposta de adxudicación a favor da empresa MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL, por ser a oferta económica máis vantaxosa.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 4/2020).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización das obras do lote 7 do POS 2019, pavimentación vial no Casaliño (Bertamiráns), á empresa **MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL**, con CIF B-15025372, e nas seguintes condicións:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de setenta e tres mil oitocentos euros (**73.800,00.- euros**).

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á cantidade de quince mil catrocentos noventa e oito euros (**15.498,00.- euros**).

C.- Prazo de execución: O prazo total de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto [REDACTED], e como coordinador de seguridade e saúde ao técnico superior en prevención de riscos laborais [REDACTED] ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

E.- Representante do órgano xestor: [REDACTED] arquitecta técnica do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

F.- O adxudicatario deberá contratar a unha traballadora desempregada, a tempo completo, durante a duración da execución da obra.

G.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Terceiro.- Facultar ó alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- ADJUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DP MERCUTO AMEIXENDA. POS 2019.

Expediente: 2019/C003/000017.

A Mesa de Contratación do expediente de licitación da obra de pavimentación de camiño DP Mercuto a Folgueira (Ameixenda), incluída no POS 2019, na súa reunión do 25.11.2019 informa que están incursas en baixas temerarias as ofertas presentadas polas empresas Construcciones Ponciano Nieto SL e Martínez Montes e Hijos SL. Ambas licitadoras foron requiridas para a xustificación das baixas.

Finalizado o prazo de xustificación, unicamente consta a presentada pola empresa Construcciones Ponciano Nieto SL.

A arquitecta técnica municipal, [REDACTED], emitiu informe con data 17.12.2019, de carácter desfavorable, ao considerar que a empresa Construcciones Ponciano Nieto SL. non xustificou adecuadamente a baixa temeraria.

A Mesa de Contratación reúne novamente o 08.01.2020, propoñendo a exclusión do procedemento de licitación das empresas Construcciones Ponciano Nieto SL e Martínez Montes e Hijos SL., ambas incursas en baixa temeraria (a primeira por non xustificar debidamente a baixa no prazo conferido, e a segunda, por non ter achegado documentación xustificativa algunha). A Mesa propón tamén, na mesma reunión do 08.01.2020 a adjudicación á empresa CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, por ser a oferta máis vantaxosa.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 3/2020).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluir do procedemento de licitación ás empresas Construcciones Ponciano Nieto SL e Martínez Montes e Hijos SL, por non xustificar a súa oferta económica que estaba incursa en baixa temeraria.

Segundo.- Adjudicar a realización das obras de pavimentación de camiño DP Mercuto a Folgueira (Ameixenda), á empresa **CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL**, con CIF B-15.261.308, e nas seguintes condicións:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e catro mil cincocentos catorce euros e setenta e nove céntimos (**24.514,79.-euros**).

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de cinco mil cento corenta e oito euros e once céntimos (**5.148,11.- euros**).

C.- Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de **6 Meses**, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D.- Contratar a unha traballadora desempregada a media xornada durante toda a execución da obra, para cumprir coa condición especial contemplada nos PCAP.

E.- Nomear como director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto [REDACTED], e como coordinador de seguridade e saúde ao técnico superior en prevención de riscos laborais [REDACTED] ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

F.- Representante do órgano xestor: [REDACTED], arquitecta técnica do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

G.- Resto de condicións: O adjudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Terceiro.- Facultar ó señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo